

**GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA  
LU-903 E LU-P-5903 EN DOADE (SOBER)**

**CLAVE: LU/23/103.06**

### 1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a execución dunha glorieta na intersección entre as estradas LU-903 e LU-P-5903, no punto quilométrico (P.Q.) 12+780 da estrada autonómica, no núcleo de Doade, no concello de Sober (Lugo).

### 2. Plan de Estradas

A estrada LU-903 é unha estrada convencional da Rede Complementaria da Xunta de Galicia, mentres que a LU-P-5903 é unha estrada da rede provincial.

### 3. Descrición da Actuación

As actuacións que se proxectan son as seguintes:

- Glorieta: cuxo principal obxectivo é a mellora da seguridade viaria da estrada mediante a regulación da intersección cun tipo especial de nó, onde as traxectorias dos vehículos non se cruzan.
- Completaranse as beirarrúas existentes cara a marxe dereita da LU-903 e cara a estrada provincial (inicialmente discorrían nun treito da marxe esquerda da LU-903).

### 4. Características técnicas

#### **Firmes e pavimentos:**

**Estradas:** 5cm MBC tipo AC 16 surf BC 50/70 (rodaxe) + rego de adherencia termoadherente de emulsión catiónica de rotura rápida C60B3 TER + 10 cm MBC tipo AC 22 bin BC 50/70 S (S-20) (capa intermedia) + rego de imprimación termoadherente de emulsión catiónica de rotura rápida C60BF4 IMP + 35 cm saburra artificial ZA 0/32 (subbase).

Explanada en zonas de ocupación, altura media de 1 m de material seleccionado.

**Beirarrúas:** 25 cm de saburra + 16 cm de formigón HF-3,5; cun ancho mínimo de 1,80 m.

Nos treitos anexos á glorieta e nos que non se dispoña de beirarrúas, disporase de gabias transitables de seguridade, formigonadas, cun ancho que varía entre os 1,00 m e 1,50 m.

**Drenaxe:** prevese en ambas marxes de ambas estradas a canalización das augas de chuvia con tubaxes de PVC Ø 400 mm, agás na marxe dereita da estrada LU-903 onde se manterá o diámetro existente de Ø 630 mm para a tubaxe de PVC.

**Alumeado público:** dispóñense 14 luminarias LED dispostas en columnas de 9 m.

**Sinalización, balizamento e defensas:** realizarase a completa sinalización vertical e horizontal da glorieta, así como o correspondente balizamento. Instalaranse ademais 18 m de barreira de seguridade.

### 5. Principais unidades de obra

- Demolición pavimento existente	1.770,00 m2
- Escavación non clasificada desm.	1.514,00 m3
- Est. E comp. De suelo selección	1.205,00 m3
- Tubaxe PVC 400 mm SN-4	260,00 m
- Tubaxe PVC 630 mm SN-4	65,00 m
- Pozo de rexistro en calzada	9,00 m
- Gabia de seguridade 8:1 H:V	200,00 m
- Luminaria viaria LED 60	10 ud.
- Columna Cilíndrica Aceiro 9 m	14 ud.
- Subbase saburra artificial ZA 0/32	932,50 m3
- MBC AC 22 bin BC 50/70 S	514,50 tn
- MBC AC 16 surf BC 50/70 S	257,25 tn
- Betume BC 50/70 mellorado con caucho	32,16 tn
- Pavimento de formigón HF-3,5	33,60 m3
- Formigón color en pavimento 20x20Ø8	51,00 m3
- Panel chapa aceiro ga. RA3	24,00 m2

### 6. Poboación Servida

Os habitantes das comarcas ás que da servizo ás estradas LU-903 e LU-P-5903, así como aqueles visitantes desta zona da Ribeira Sacra.

Concello de Sober 2.178 habitantes

### 7. Concellos Afectados

Sober

### 8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 17, pertencentes ao concello de Sober e unha superficie de 1.269 m2.

Expropiación de terreos	8.819,50 €
Bens Afectados	5.233,38 €
Premio de afección	702,64 €
<b>TOTAL</b>	<b>14.755,52 €</b>


### 9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de SEIS (6) meses.

**10. Orzamentos**

<b>Orzamento Base de Licitación (c/IVE)</b>	<b>367.953,95 €</b>
<b>Orzamento expropiacións</b>	<b>14.755,52 €</b>
<b>Orzamento Servizos Afectados</b>	<b>25.553,53 €</b>
<b>Orzamento para coñecemento da administración</b>	<b>408.263,00 €.</b>

PLANO DE SITUACIÓN




ESTADO ACTUAL




ACTUACIÓN



SECCIONES



DETALLE DE ILLAS



DETALLE DE BEIRARRÚAS

